



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA **POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 10/10/2008.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. José Romero Ledo.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

Concelleiro ausente:

D. José Serafin Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as doce horas e trinta e catro minutos do día dez de outubro de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de setembro do presente ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2007.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello, correspondente ó exercicio de 2007, dictaminada favorablemente pola Comisión Especial competente, e exposta ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 142, do día 21 de xuño de 2008, sen que durante os prazos regulamentarios de exposición pública se presentase reclamación ou reparo algún. En consecuencia, propónse polo Sr. Alcalde a aprobación da mesma.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Aproba-la conta xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico de 2007, sendo o seu resume o seguinte:

A) Conta Xeral de 2007:

1) Balance de situación: 12.107.665,75



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

2) Conta de resultados:

- a) Resultados correntes do exercicio: 983.218,66
- b) Resultados extraordinarios: 0
- c) Resultado da carteira de valores: 0

3) Liquidación do Presuposto:

- Dereitos recoñecidos netos: 2.680.111,29
- Obrigas recoñecidas netas: 2.509.050,74
- Resultado presupostario: 171.060,55

4) Estado demostrativo de exercicios pechados:

- Obrigas pendentes de ordear: 507.642,11
- Dereitos pendentes de cobro: 495.133,57

5) Estado dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros: 0

6) Estado de Tesorería:

- Existencia final en bancos: 644.903,29.

2º.- Ordea-la remisión dunha copia da conta xeral de que se trata ó Consello de Contas de Galicia, en aplicación do establecido na Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,